Lote 19	MAIKEL LOPEZ LOPEZ	(1).-Acórdase solicitador ao servizo de Vías e Obras certificado de boa execución das relacións valoradas presentadas por Maikel López López, relativas ao contrato de servizos DESBROCE DE MALEZA EN ESTRADAS PROVINCIAIS (Titularidade da Deputación Provincial de Lugo) Lotes 1-24. EXP: 2021/CON_02/000004 (Lote 14), para que deste xeito quede acreditada a solvencia técnica mínima existida que é de 26.602,06 euros. (2).-Requirir para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte: -Acredite a Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios: a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 57.004,41 euros. Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.
Lote 20	CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ SL	Consta toda a documentación correctamente presentada

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada para os lotes 3, 9, 11 e 20 é correcta, e no caso do lote 19 é susceptible de subsanación.

A Mesa de contratación, vista a documentación presentada e incorporada, acorda, por unanimidade dos seus integrantes:

1.- Requirir a Maikel López López para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Aporte a documentación que acredite a solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios :

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	32/113





a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos. A estes efectos, o volume anual de negocios deberá ser como mínimo unha vez e media o valor anual medio do contrato: 57.004,41 euros.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

2.- Solicitar ao servizo de Vías e Obras certificado de boa execución das relacións valoradas presentadas por Maikel López López, relativas ao contrato de servizos Desbroce de maleza en estradas provinciais (Titularidade da Deputación Provincial de Lugo) Lotes 1-24. EXP: 2021/CON_02/000004 (Lote 14), para incorporar ao expediente e que deste xeito quede acreditada a solvencia técnica mínima esixida que é de 26.602,06 euros.

26.- A Xunta de Goberno desta Excma. Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xuño de dous mil vinte e catro aprobou, a adxudicación dos lotes 3, 9, 11 e 20 e declaración de deserto dos lotes 2, 6 e 22, da contratación do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, anualidades 2024-2025. CSV: IV7XHSP2FF4IJSBCWLWA6UTDMQ.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 1 de xullo de 2024, aos efectos de examinar a documentación emendada polo licitador Maikel López López, resulta que se incorpora ao expediente un certificado de boa execución emitido polo servizo de Vías e Obras, do servizo de desbroce de maleza en estradas provinciais anualidades 2021-2023 (lote 14) concellos de Negueira de Muñiz e Navia de Suarna, segundo o acordado na Mesa de Contratación precedente, sendo o importe executado sen IVE na anualidade 2.023 de 29.550,69 euros, quedando deste xeito a solvencia técnica acreditada.

Respecto á solvencia económica, presenta por sede electrónica, nº RXE 2024RT012837, a solicitude de depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil, onde acredita que o patrimonio neto no exercicio 2023 é positivo e fai constar no oficio de presentación da documentación que por dificultades técnicas non se puido presentar a documentación pola Plataforma de contratación do sector público.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	33/113



documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada en fase de subsanación é correcta

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1.- Adxudicar á Maikel López López o lote 19 da contratación do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, lotes 1 a 24, anualidades 2024-2025, expediente: 2024/CON_02/000008:

	Empresa	PREZO SEN IVE	IVE	Con IVE	IDADE DOS TRACTORES
Lote 19	MAIKEL LOPEZ LOPEZ	75.960,69	15.951,74	91.912,43	2 tractores desbrozadores con brazo con máis de 15 anos

A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano. O prazo máximo de execución será de 2,5 meses, contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade.

2.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á Maikel López López o lote 19 da contratación do servizo de desbroce de maleza en carreteras provinciais, lotes 1 a 24, anualidades 2024-2025, expediente: 2024/CON_02/000008:

	Empresa	PREZO SEN IVE	IVE	Con IVE	IDADE DOS TRACTORES
Lote 19	MAIKEL LOPEZ LOPEZ	75.960,69	15.951,74	91.912,43	2 tractores desbrozadores con brazo con máis de 15 anos

A duración do contrato é de dous anos, con posibilidade de prórroga por un ano. O prazo máximo de execución será de 2,5 meses, contados a partir da sinatura da acta de inicio de cada anualidade, nos termos recollidos na cláusula 2.4 do PPT, que terá lugar entre maio e setembro de cada anualidade.

A distribución por anualidades é a seguinte:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	34/113





LOTE	Termo municipal	Anualidade 2024 (euros)	Anualidade 2025 (euros)
19	Incio, Triacastela e Samos	45.956,22	45.956,21

Existe consignación na aplicación orzamentaria 4530.210 do orzamento de gastos do 2024, polas cantidades indicadas, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

3º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houberse interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DO LOTE 1 (ZONA 5) E DECLARACIÓN DE DESERTO DO LOTE 2 (ZONA 6), DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DE ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DA VIALIDADE NA REDE VIARIA PROVINCIAL DE LUGO, ZONA 5 E ZONA 6, ANUALIDADE 2024-2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 1 de xullo de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“*Antecedentes.*

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	35/113



Contratación do servizo para a execución de actividades de conservación e mantemento da vialidade na rede viaria provincial de Lugo ,zona 5 e zona6, anualidade 2024-2025.Expediente Nº: 2024/CON_02/000015.

Lote 1, zona 5: Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.

Lote 2, zona 6: Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafita do Cebreiro.
Primeiro.-Dar conta da subsanación da documentación administrativa.
Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.


Antecedentes.

1. Providencia de inicio de expediente de contratación e Memoria Xustificativa, con CSV: IV7WECICPIUNRJF5ULQEMEBU5Y e IV7WECJYPVX2RPMN5XYUCBYV54 respectivamente.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7XSGS33M7LZ7UY5VIAF52H4A.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7XSMHPZVZDL3Z25X6AK47DJY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7XTTZDB4TSXON2IUBGYXD14.
5. Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7XTQP23ZJD77FJ3QNAGUZTOY.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7XTXLLBMBK7LJ46TYVKVK6MU.
7. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7X4SXZZ465VH7KBU65HZYUOM.
8. Acordo da Xunta de Goberno de data 26 de abril de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7X47YC3BHJXGXTXQYFMVSXMI.
9. Anuncio de licitación publicado o 02 de maio de 2024 na Plataforma de Contratos do Sector Público, enviado ao DOUE o día 30 de abril de 2024 e publicado 02 de maio de 2024 neste Diario.

10. Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 06 de xuño de 2024, que acordou o seguinte:

(...) “Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, e de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do Anexo I

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	36/113





presentado polos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son os seguintes:

LICITADORES	LOTES
Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada S.L.U	1 (Zona 5)
Construcciones Carballeira S.L.	1 (Zona 5)

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan as súas propostas dentro do prazo outorgado a tales efectos e resultando que a documentación presentada axústase aos requisitos recollidos no PCAP, a Mesa de contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adjudicación, procedendo acto seguido a apertura do Anexo II e á valoración dos criterios avaliados automaticamente, co seguinte resultado:

Criterios de adjudicación avaliados automaticamente.

Lote 1, zona 5: Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.

LICITADOR	OFERTADO	PUNTUACIÓNS									
Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada S.L.U	1.- Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia pola cantidade total de 363.230,61 euros, aos que se engadirán 76.278,43 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 439.509,03 euros. (MÁXIMO 70 PUNTOS)	1.- 69,99 PUNTOS.									
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente. Valorarase que estes vehículos contén con algún dos dous distintivos ambientais da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). (MÁXIMO 5PUNTOS)	2.- 0 PUNTOS. (nonn sinala ninguna opción)									
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHÍCULO</th> <th>ETIQUETA ECO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIONS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA 1</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGONETA 2</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> <td><input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS	FURGONETA 1	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	FURGONETA 2	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	
	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS								
FURGONETA 1	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non									
FURGONETA 2	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	<input checked="" type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non									
3.- Comprométese a executar 200 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP. (MÁXIMO 25 PUNTOS).	3.- 5 PUNTOS. TOTAL: 74,99 PUNTOS										
Construcciones Carballeira S.L.	1.- Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia pola cantidade de (363.164,50 €), aos que se engadirán (76.264,54 €) en concepto de IVE, o que ascende a un total de (439.429,04 €). (MÁXIMO 70 PUNTOS)	1.- 70 PUNTOS.									
	2.-Comprométese a utilizar vehículos respetuosos co medio ambiente. Valorarase que estes vehículos contén con algún dos dous distintivos ambientais da DXT máis respetuosos co medio ambiente (Etiqueta ECO ou Etiqueta 0 emisións). (MÁXIMO 5 PUNTOS)	2.- 0 PUNTOS.									
	<table border="1"> <thead> <tr> <th>VEHÍCULO</th> <th>ETIQUETA ECO</th> <th>ETIQUETA 0 EMISIONS</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>FURGONETA 1</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> </tr> <tr> <td>FURGONETA 2</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> <td><input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non</td> </tr> </tbody> </table>	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS	FURGONETA 1	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	FURGONETA 2	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	
	VEHÍCULO	ETIQUETA ECO	ETIQUETA 0 EMISIONS								
FURGONETA 1	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non									
FURGONETA 2	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non	<input type="checkbox"/> Si <input checked="" type="checkbox"/> Non									
3.- Comprométese a executar 1.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP. (MÁXIMO 25 PUNTOS).	3.- 250PUNTOS. TOTAL: 95,00PUNTOS										

De seguido, compróbase que non existen ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas consonte cos criterios establecidos no PCAP, no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP: "Consideraranse ofertas desproporcionadas ou anormalmente baixas cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta."

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	37/113



1º.-Declarar deserto o Lote 2 (Zona 6: Becerreá, Cervantes, As Nogais e Pedrafito do Cebreiro), por non concorrer licitadores ao procedemento de contratación.

2º.- Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes puntuacións e clasificalas atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Construcciones Carballeira S.L	95,00 puntos
2	Servicios Agrícolas y Excavaciones Fonsagrada S.L.U	74,99 puntos

3º.- Requiritr á Construcciones Carballeira S.L, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
363.164,50 euros	18.158,23 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

13.- Resolución de Presidencia de 13 de xuño de 2024, con CSV IV7XE37YJBUOXPR4BFAKRQWC4, de clasificación e requirimento de documentación.

14.- Requiritr de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 14 de xuño de 2024.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	38/113





Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 1 de xullo de 2024, infórmase aos membros da Mesa que a empresa Construcciones Carballeira S.L. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Dase traslado ao Servizo de Vías e Obras da documentación presentada pola empresa para acreditar a solvencia técnica e o Servizo incorpora de oficio ao expediente un certificado en relación do importe executado no contrato "BALEIRA- POL- Rehabilitación superficial con regos con gravilla LU-P-0406 "Martín (LU-P-5401) - Crende (LU-P-4606)", P. K 0+000 a 5+077. (2023/CON_02/000019)", aos efectos de completar a solvencia técnica da empresa Construcciones Carballeira, S.L, resultando válidos os seguintes certificados para acreditar a solvencia técnica:

Obras executadas na anualidade 2023.

OBJETO DA CONTRATACIÓN	IMPORTE
Acondicionamiento de camiños no núcleo de Murias (Concello de Meira)	22.900 euros
Mellora de camiño municipal de acceso a parcelas agrícolas en Sebe de Abades (Concello de Meira)	32.600 euros
Mellora con zorra de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas no concello de Castroverde	48.100 euros
Rehabilitación de beirarrúa na rúa velino Díaz de Meira	22.500 euros
Acondicionamiento de accesos en Espidoe o Touzón (Concello de Meira)	34.350 euros
Formigonado do pavimento no núcleo de Covelas e limpeza de foxo no vial que conecta Riomol con Pereira pasando por Furís (Concello de Castroverde)	48.150 euros
Acondicionamiento de acceso en Pereira (Concello de Castroverde)	39.950 euros
Asfaltado de camiños municipais de acceso ós núcleos de Rodinso e o Grandón (Concello de Castroverde)	37.800 euros
**"BALEIRA- POL- REHABILITACIÓN SUPERFICIAL CON REGOS CON GRAVILLA LU-P-0406 "MARTÍN (LU-P-5401) - CRENDE (LU-P-4606)", P. K 0+000 A 5+077. (2023/CON_02/000019)".	109.521,74
TOTAL (IVA incluído)	395.871,75euros
TOTAL (IVA excluído)	327.166,74euros

**Certificado incorporado polo servizo de Vías e Obras da Deputación de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da Mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	39/113



1º.- Adxudicar o Lote I (Zona 5) da contratación por lotes do servizo de execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial, lotes (zonas) 5 e 6. Anualidade 2024-2025 Expediente nº: 2024/con_02/000015.

A adxudicación realizarase nos seguintes termos:

Lote 1 (zona 5): Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.

ADXUDICATARIA	OFERTADO
Construcciones Carballeira S.L.	1.- Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia .pola cantidade de (363.164,50 €), aos que se engadirán (76.264,54 €) en concepto de IVE, o que ascende a un total de (439.429,04 €). 2.- Comprométese a executar 1.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Construcciones Carballeira, S.L. o lote 1 da contratación por lotes do servizo de execución de diversas operacións de conservación na rede viaria provincial, lotes (zonas) 5 e 6. Anualidade 2024-2025 Expediente nº: 2024/CON_02/000015.

A adxudicación realizarase nos seguintes termos:

Lote 1 (Zona 5): Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.

ADXUDICATARIA	OFERTADO
Construcciones Carballeira S.L.	1.- Comprométese a executar o a prestación obxecto do contrato de referencia .pola cantidade de (363.164,50 €), aos que se engadirán (76.264,54 €) en concepto de IVE, o que ascende a un total de (439.429,04 €). 2.- Comprométese a executar 1.000 metros cadrados de superficie de dobre tratamento superficial coas características definidas no apartado "R" do cadro resume deste PCAP.

A duración do contrato é de UN (1) ano. Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na propia acta de inicio (data estimada de inicio da prestación 01.09.2024), ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

A distribución por anualidades é a seguinte:

LOTE	Termo municipal	Anualidade 2024 (euros)	Anualidade 2025 (euros)
1	Fonsagrada, Negueira de Muñiz, Ribeira de Piquín e Navia de Suarna.	156.627,40 euros IVA incluído	282.801,64 euros IVA incluído

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	40/113





Existe consignación na aplicación orzamentaria 4530.210 do orzamento de gastos do 2024, polas cantidades indicadas, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2025 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

2º.- Declarar deserto o lote 2 por non existir ofertas presentadas a procedemento.

LOTE 2	ZONA 6	BECERREÁ, CERVANTES, AS NOGAIS Y PEDRAFITA DO CEBREIRO.
--------	--------	---

3º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

4º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbese interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN, EN RÉXIME DE ARRENDAMENTO, CON LIMPEZA DIARIA E MANTEMENTO, DE 4 CABINAS SANITARIAS AUTÓNOMAS (ASEOS PORTÁTILES), NO ENTORNO DOS PASEOS DE OMBREIRO, RATO E PARADAI.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	41/113



“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 01 de xullo de 2024, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

Antecedentes.

1. Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7XQHR6ZNM37WUKCUGVEELPEI.
2. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7XQHXCZBF5RFH3QP5M6EPXNY.
3. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7XQLHKFLZ3ZGBS2YQRMNBTOY.
4. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7XS7AYPPWNLLX26YOVIESC4A.
5. Informe da Secretaría Xeral, con CSV: IV7XS7ATYBMCRT4M5QXR4NYXH4.
6. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7XSC353M5MSREKUYNAOX7BD4.
7. Acordo de Xunta de Goberno do día 19 de abril de 2024, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7XSP2KOF53XVJY4MXACF7EH4.
8. Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 25 de abril de 2024.
9. Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
10. Acta da mesa de contratación, reunida en acto público con data 16 de maio de 2024, con CSV: IV7X7TK2OA7352XI2VINCJQ7EU, na que se recolle o seguinte:

(...) Pola Presidencia dáse conta que, no Servizo de Contratación, con carácter previo á constitución da Mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da Lei de Contratos do Sector Público, procedeuse á apertura do sobre que contén a declaración de cumprimento de requisitos previos do único licitador concorrente a esta licitación que, segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público é o seguinte:

LICITADORES
RECITOR E SANILU S.L.

Dada conta ao órgano de asistencia, a través da súa presidencia, de ditas actuacións previas, enterado este, e considerando que o único licitador concorrente presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos a través da plataforma de

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	42/113





contratación do sector público, procédese a admitir a oferta presentada e a cualificación do sobre electrónico que contén a declaración de cumprimento dos requisitos previos, resultando que o Anexo I presentado pola empresa se axusta aos requisitos mínimos esixidos no PCAP.

A continuación procédese á apertura dos sobres relativos aos criterios de adxudicación avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas, cos seguintes resultados:

CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN		
CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS OU AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA.	OFERTA	NOTA
1.Oferta económica	8%	75
2. Prazo de instalación	10 días naturais	15
3. Mellora do equipamento das cabinas		
3.a) Colocación dun dispensador de xabón ou desinfectante de mans en cada cabina, con recheo semanal.	NO	0
3.b) Equipar a totalidade das cabinas con 1 lavamans	SI	5
Total		95

Unha vez realizada a comprobación de que a única proposta non está incurso en valores anormais ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, a Mesa de contratación, acorda elevar ao Órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.- Clasificar aos licitadores presentados, atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación.

Nº ORDE	LOTE 1-LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	RECITOR E SANILU S.L.	95

2º.- Requirir á empresa Recitor e Sanilu S.L. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acrediten a constitución da garantía definitiva, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	43/113



EMPRESA	IMPORTE DE ADXUDICACIÓN, SEN IVE	IMPORTE DA GARANTÍA DEFINITIVA 5%
RECITOR E SANILU S.L.	72.996,48	3.649,82

(...)

11. Resolución da Presidencia do día 23 de maio de 2024, con CSV: IV7XYDIKKAU7T2G6ULXX4FDD74, pola que se acepta a proposta da mesa de contratación, se clasifica aos licitadores, e se insta ó requirimento da documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP ao mellor clasificado.

12. Consta no expediente requirimento de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 29 de maio de 2024.

13. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

14. Acta da mesa de contratación do día 21 de xuño de 2024, con CSV: IV7XFUBSN5F3JDPJ6RNH4IYCE4, na que se recolle o seguinte:

“(...) Celébrase Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, presentada pola empresa Recitor e Sanilu S.L. e infórmase que:

A licitadora presentou, a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación, presentando os seguintes erros:

Achega fotocopia da garantía definitiva, cando debe achegar documento orixinal.
Non acredita solvencia económica, financeira e técnica, posto que achega as contas do exercicio 2020.
Non acredita solvencia técnica, posto que non achega ningún certificado de boa execución.

Incorpórase ao expediente certificado de alta en IAE, certificado da Recadación Provincial, certificados de débedas coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou por unanimidade dos seus integrantes calificar os erros detectados como subsanables e consecuentemente:

Requirir a Recitor e Sanilu S.L. para que, no prazo de tres días hábiles achegue, a través do Rexistro da Deputación Provincial de Lugo, a documentación seguinte:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	44/113





Documento orixinal que acredite a constitución da garantía definitiva (posto que achega fotocopia).

Requirir a Recitor e Sanilu S.L. para que, no prazo de tres días hábiles presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación seguinte:

Solvencia económica e financeira. Deberá acreditarse por algún dos seguintes medios:

a) Volume anual de negocios, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos por importe de 29.754,00 €. O volume anual de negocios do licitador ou candidato acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro e, en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito.

b) Patrimonio neto positivo, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual o superior a unidade.

Solvencia técnica ou profesional. Deberá acreditarse polo seguinte medio:

Unha relación dos principais servizos/subministracións de igual o similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, realizados durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Acreditaranse mediante certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior a 13.885,20.€ (...)"

15. Consta no expediente requirimento de subsanación de documentación administrativa, cursado polo Servizo de Contratación e Fomento a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 25 de xuño de 2024.

16. Documentación administrativa presentada a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	45/113



Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 1 de xullo de 2024, aos efectos de examinar a emenda da documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e do Rexistro da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación da subministración, en réxime de arrendamento, con limpeza diaria e mantemento, de catro cabinas sanitarias autónomas (aseos portátiles) no entorno dos paseos de Ombreiro, Rato e Paradai, expediente 2024/CON_02/000033, á empresa Recitor e Sanilu S.L., por un período de catro anos, por importe de 72.996,48 euros, aos que se engadirán 15.329,26 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 88.325,74 euros. O adxudicatario comprométese a equipar a totalidade das cabinas con un lavamás, sen custo engadido para a entidade contratante.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación da subministración, en réxime de arrendamento, con limpeza diaria e mantemento, de catro cabinas sanitarias autónomas (aseos portátiles) no entorno dos paseos de Ombreiro, Rato e Paradai, expediente 2024/CON_02/000033, a favor da empresa Recitor e Sanilu S.L., por un período de catro anos, por importe de 72.996,48 euros, aos que se engadirán 15.329,26 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 88.325,74 euros (1520,76 euros mensuais, IVE non engadido).

O adxudicatario comprométese a equipar a totalidade das cabinas con un lavamás, sen custo engadido para a entidade contratante.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	46/113





Tendo en conta que se prevé que o contrato se inicie o 15 de xullo de 2024, o orzamento distribúese atendendo as seguintes anualidades:

Anualidade 2024: 10.120,65 €

Anualidade 2025: 22.081,44 €

Anualidade 2026: 22.081,44 €

Anualidade 2027: 22.081,44 €

Anualidade 2028: 11.960,77 €

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 1720.203, do orzamento de gastos do 2024, polo importe relacionado, para a anualidade 2024.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2025, 2026, 2027 e 2028, as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

2º.- O prazo de duración do contrato é de catro anos, a contar dende a sinatura da acta de inicio do contrato. O prazo de instalación das cabinas sanitarias é de 10 días naturais, a contar dende a sinatura do contrato.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COA REVISIÓN EXCEPCIONAL DE PREZOS EN CONTRATOS DE OBRAS.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	47/113



Proposta en relación coa revisión excepcional de precios obra A PASTORIZA-CASTRO DE REI-COSPEITO.- Rehabilitación do firme da estrada provincial LU-P-4401 "Pastoriza (LU-122)-Reigosa-Muimenta (LU-120)", P.K. 0+000 a 10+925.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistos os informes da dirección facultativa, así como o informe do Servizo de Contratación, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

"Primeiro.- A obra foi adxudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 13/08/2021, á empresa Cholo SL no prezo de 304.251,06 €, dos cales 52.803,90€ corresponden ao IVE (21%); unhas melloras de obra consistentes en 4.400 m² de microaglomerado en frío, coas características indicadas no PCAP, coas características definidas do PCAP, e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 1.198,35 € mais IVE e un prazo de execución de 6 meses.

Segundo.- O contrato relativo á obra indicada foi asinado con data 13/08/2021.

Terceiro.- Con data 03/09/2021 asinouse a acta de comprobación de replanteo, téndose asinado acta de suspensión das obras en data 01/12/2021 e de reanudación o 20/09/2022 e de novo suspensión das mesmas o 02/11/2022 e reanudación o 10/04/2023.

Cuarto.- Con data 15/06/2023 formalizouse Acta de recepción das obras.

Quinto.- Consta a xustificación do plan de comunicación da obra.


Sexto.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 25/08/2023 aprobouse solicitude de revisión excepcional de prezos con carácter provisional, por importe de 37.977,68 €, dando traslado á mercantil adxudicataria das obras.

Sétimo.- A unidade xestora ten informado a aprobación das fórmulas definitivas e a cantidade resultante por importe de 34.924,72 €, ditándose Resolución da Presidencia de data 26/03/2024 aprobando dita cantidade, sen que conste alegacións por parte do contratista.

Lexislación aplicable.

Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	97/113



4. O Concello de Mondoñedo presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
MONDOÑEDO	151	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS MUNICIPAIS NAS PARROQUIAS DE O CARME, OS REMEDIOS, VILAMOR E VILOALLE. INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	18.934,70€

5. Por escrito de data 28/06/2024 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
MONDOÑEDO	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O BURGO (OIRÁN). INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	18.934,70€	18.934,70€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan único 2023, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Mondoñedo, no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado."

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	98/113





CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
MONDOÑEDO	REM	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE CAMIÑO MUNICIPAL EN O BURGO (OIRÁN), INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	18.934,70€	18.934,70€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9º.- *Escrito do Concello de Bóveda, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación do investimento 34 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Bóveda, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (34) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2022 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 09/01/2023.

2. Nas devanditas bases, concretamente na base 15, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2024, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	99/113



Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados nos mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de dous meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2024.”

3. O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2023 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/03/2023, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de Bóveda presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BÓVEDA	34	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE A PORTAXE, REBEIRA, AS PEDREIRAS, CHORENTE E A ÁSPERA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	2.509,96€

5. Por escrito de data 28/06/2024 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BÓVEDA	REM	REFORZO DO FIRME VIARIO CON FORMIGÓN ARMADO EN A ÁSPERA (RIBAS PEQUENAS), INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	--	2.509,96€	2.509,96€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Único 2023, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	100/113



*Conclusión.*

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Bóveda, no Plan Único 2023.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.”

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Bóveda e incluír no PUC/23, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERTIMENTO
BÓVEDA	REM	REFORZO DO FIRME VIARIO CON FORMIGÓN ARMADO EN A ÁSPERA (RIBAS PEQUENAS). INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	--	2.509,96€	2.509,96€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN/ SUBSTITUCIÓN DE INVERTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2024.

Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monterroso, solicitando modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	101/113



“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Monterroso no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no Plan Deputación 2024, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26/12/2023 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2024. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 08/01/2024.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Deputación 2024 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 26/03/2024, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	157	MELLORA CAMIÑOS ESPORIZ A CARIZA E BIDOUREDO A LÍMITE MUNICIPAL DE ANTAS DE ULLA	---	37.409,98€	37.409,98€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV.

5. A Alcaldía do Concello de Monterroso a través de escrito de data 24/06/2024 solicita:

a) A modificación de proxecto de investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2024, concretamente o investimento nº 157, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... por cuestións técnicas,...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	157	MODIFICADO MELLORA CAMIÑOS ESPORIZ A LUGAR DE A CARIZA E DO NÚCLEO DE BIDOUREDO A LÍMITE MUNICIPAL DE ANTAS DE ULLA	---	37.409,98€	37.409,98€

6. A base 14, indica que “se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas , o concello non puidera contratar e executar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente poderá solicitar a modificación do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de xustificación fixados nestas bases. Dita modificación/substitución será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto e

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	102/113





desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria no caso que se substitúa o investimento.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2024, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello de Monterroso que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2024.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Monterroso, e en consecuencia, aprobar a modificación do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2024 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
MONTERROSO	157	MODIFICADO MELLORA CAMIÑOS ESPORIZ A LUGAR DE A CARIZA E DO NÚCLEO DE BIDOUREDO A LÍMITE MUNICIPAL DE ANTAS DE ULLA	---	37.409,98€	37.409,98€

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificadas nas datas que se indican nas bases reguladoras.”

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	103/113



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PRÓRROGA DO ACORDO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E ENRIQUE REIGOSA GÓMEZ RELATIVO Á CONCESIÓN DEMANIAL DO BEN PROVINCIAL DENOMINADO MAZO DE SANTA COMBA.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Con data do 05 de xullo de 2022 asinouse entre esta Entidade Provincial e Enrique Reigosa Gómez o acordo reitor da concesión demanial do ben provincial denominado Mazo de Santa Comba de conformidade ao acordo da Xunta de Goberno Provincial ordinaria celebrada o 17 de xuño de 2022.


O prazo de vixencia do dito acordo concesional está recollido na cláusula Oitava: O prazo de duración da concesión demanial será de 2 anos, contados a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo da presente concesión demanial. Finalizado este período haberá posibilidade de prórroga, por mutuo acordo das partes, por 2 anos máis, de ano en ano. A prórroga deberase acordar expresamente dentro dos tres meses anteriores á finalización da mesma. En todo caso, a duración total da presente concesión, incluídas as prórrogas, non poderá exceder de 4 anos.”

A vista de que con data de 05 de xullo de 2024 vence o prazo dos dous primeiros anos de vixencia do devandito acordo da concesión demanial comprendido entre o 06.07.2022 e o 05.07.2024 polo que se requírese ao concesionario para que presente as facturas xustificativas dos investimentos e melloras comprometidos expresados na cláusula 10 do acordo reitor e cunha contía total de 13.800 euros e para que exprese o seu interese na posibilidade de prórroga por un ano máis no seu caso.

A tales efectos consta no expediente:

Escrito do concesionario do 06.02.2024 no que expresa o seu interese en prorrogar o acordo concesional un ano máis ata o 05.07.2025.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	104/113





Informe xustificativo do cumprimento de estar ao corrente no pagamento do canon polo período que comprende 05.07.2022 ata o 05.07.2024 emitido pola Tesourería provincial con data do 27.06.2024 baixo o CSV IV7XGD2NFM4ORRHPBUXUBZTVCI.

Os documentos xustificativos dos investimentos comprometidos polo concesionario na contía de 13.800 €.

Constan os certificado de estar ao corrente no pago das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Informe da responsable da concesión demanial, nomeado segundo o acordo de Xunta de Goberno do 01.04.2022, coa conformidade do Secretario Xeral, asinado o 27.06.2024 baixo o CSV IV7XGAD4HNX2XZBK6U6SABQXCY e no que expresa que enténdense cumpridas satisfactoriamente as obrigas estipuladas no acordo da concesión demanial e dado que o concesionario manifesta o seu interese na celebración da prórroga prevista na cláusula oitava do acordo por mutuo acordo das partes, estímase que se reúnen os requisitos para proceder á prórroga da presente concesión demanial por 1 ano mais ata o 05.07.2025 con pleno sometemento aos termos e condicións contidos no antedito acordo reitor da concesión demanial asinado o 05.07.2022.

Informe da Intervención asinado o 02.07.2024 baixo o CSV IV7XHWJNFXUC2W76WIXXKEYAM4 no que conclúe favorablemente a tramitación do expediente.


Á vista de todo o anterior, en virtude do artigo 59.b.11 do regulamento Orgánico propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

1º.- Prorrogar a concesión demanial do inmovible provincial denominado Mazo de Santa Comba ata o 05.07.2025 ao actual concesionario Enrique Reigosa Gómez nos mesmos termos e condicións establecidos no acordo da concesión demanial asinada o 05.07.2022.

2º.- Dar traslado ao concesionario para o seu coñecemento e cumprimento do acordado.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	105/113



11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 15 DE SETEMBRO 2023 POLA QUE SE RESOLVEU O PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, DEZASETE (17) PRAZAS DE PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, DA COTA XERAL, ACCESO LIBRE, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022-TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE A DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO, E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN PARA CUBRIR, EN PROPIEDAD, POLO SISTEMA DE CONCURSO, UNHA (1) PRAZA DE PEÓN REPARACIÓN VÍAS PROVINCIAIS, AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS, DO MENCIONADO PROCESO SELECTIVO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de setembro 2023 (BOP nº 219 de 22 de setembro 2023), resólvese definitivamente o procedemento selectivo para cubrir dezasete (17) prazas de Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), cuxas bases Xerais e Específicas publicáronse no BOP nº 241 do 21 de outubro 2022, acordando a contratación como persoal laboral fixo, entre outros, de:

“Don José María Llousas Díaz, para ocupar a praza número 3331 denominada Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación de Lugo, correspondente a Oferta Pública de Emprego para o ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo número 1446 denominado Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada vinculado á citada praza”.

Tendo en conta que don José María Llousas Díaz, solicita a través de representante e dentro do prazo establecido, adiar a firma do seu contrato como persoal laboral fixo, como consecuencia dun proceso de incapacidade temporal no que se atopaba nese momento, sendo autorizada dita prórroga por resolución da Presidencia de data 29 de setembro 2023.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	106/113





Á vista de que por resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, foi recoñecida a don José María Llousas Díaz a situación de incapacidade permanente incompatible co desempeño do seu traballo, con efectividade do 5 de marzo 2024, e que como consecuencia disto, por acordo da Xunta de Goberno de data 21 de maio 2024, aprobouse a declaración de extinción da relación contractual da Deputación Provincial de Lugo con Don José María Llousas Díaz, como persoal laboral temporal, con efectividade do 4 de marzo de 2024.


Considerando que no apartado 12.1 das bases xerais que regulan o proceso selectivo para cubrir 17 prazas de Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021), establécese que “co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación”.

Á vista de que na relación proposta polo Tribunal Cualificador do proceso selectivo, entre as persoas non seleccionadas, para asegurar a cobertura das vacantes, figura en primeiro lugar don José Luis Rodríguez Casanova, cunha cualificación final definitiva de 40,40 puntos.

Considerando que a persoa aspirante proposta, don José Luis Rodríguez Casanova, acredita a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno:

1º.- Deixar sen efecto o Acordo da Xunta de Goberno de data 15 de setembro 2023 (BOP Nº 219, de 22 de setembro 2023), no relativo á resolución do procedemento selectivo a favor de don José María Llousas Díaz, para ocupar a praza número, 3331, denominada Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación de Lugo, correspondente á Oferta Pública de Emprego para o ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo número 1446 denominado Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada vinculado á citada praza, por non poder formalizar o contrato de traballo, ao

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	107/113



ter recoñecida por Resolución da Dirección Provincial do INSS unha incapacidade permanente incompatible co desempeño da praza/posto.

2º.- Resolver o procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a Don José Luís Rodríguez Casanova, por atoparse en primeiro lugar na listaxe de persoas non seleccionadas, para asegurar a cobertura das vacantes (base xeral 12.1), para ocupar a praza número 3331 denominada Peón/Peoa Reparación de Vías Provinciais, Agrupacións Profesionais, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación de Lugo, correspondente a Oferta Pública de Emprego para o ano 2022 (taxa adicional de estabilización á que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), adxudicándolle o posto de traballo número 1446 denominado Peón/Peoa Reparación Vías Provinciais Entrada vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 107/2024-P.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 107/2024-P seguido a instancia de Dna. Lucía Rodríguez Iglesias fronte á desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial polas lesións sufridas a consecuencia da caída sufrida en data 18 de agosto de 2022.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:


1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAM	Página	108/113





13.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 140/2024.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co oficio remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso nº 140/2024 seguido a instancia de Occident GCO SAU de Seguros Y Reaseguros fronte á resolución de data 25 de abril de 2024 que desestima a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta en data 28 de febreiro de 2024.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 167/2024.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido pola Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, nos procedementos peza separada de medidas cautelares 0000167/2024 001 S e Procedemento Abreviado 0000167/2024 polos que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 167/2024 seguido a instancia de Entidad Pública Empresarial Administrador de Infraestructuras Ferroviarias, ADIF fronte a liquidacións tributarias.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso- administrativo e na peza separada de medidas cautelares referenciados.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	109/113



2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ABREVIADO Nº 168/2024.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Decreto remitido pola Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Abreviado nº 168/2024 seguido a instancia de Acciona Medioambiente S.A. fronte á resolución administrativa de data 23 de abril de 2024, ditada pola Presidencia da Deputación Provincial de Lugo, en virtude da cal se desestima o recurso de reposición de data 27 de novembro de 2023.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 130/2024.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Oficio remitido pola Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Ordinario nº 130/2024 seguido a instancia de Maderas Paco Cacharolo S.L. fronte aos seguintes actos administrativos:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	110/113





“Resolución de 9/05/2024 de Presidencia de la Diputación Provincial de Lugo notificada el 10/05/2024, desestimatoria del recurso potestativo de reposición interpuesto por la entidad Maderas Paco Cacharolo S.L el 18/04/2024 contra la notificación de la Unidad de Tesorería de fecha 1/04/2024 dictada en el expediente sancionador 4/2024 (Expediente 2021/RES_01/2021) también enumerado por la Diputación como expediente sancionador 3/2021.

Decreto de 21/12/2021 de Presidencia de la Diputación Provincial de Lugo, notificada a Maderas Paco Cacharolo S.L. el 04/04/2024, dictado en el expediente sancionador 3/2021 (Expediente 2021/RES_01/2021) por el que se impone a Maderas Paco Cacharolo una sanción pecuniaria de 62.500 euros”.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Ourense, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 7268/2024.

Logo de ver a proposta do director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

“En relación co Decreto remitido pola Sala do Contencioso Administrativo Sección 3ª do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, polo que, entre outras cuestións, se reclama a esta entidade, o expediente do recurso de Procedemento Ordinario nº 7268/2024 seguido a instancia do Concello de Becerreá fronte a “la inactividad de la Diputación Provincial en el cumplimiento de las obligaciones establecidas por el Convenio de 19 de diciembre de 2016 y la Adenda de 17 de abril de 2020, sin perjuicio de lo que resulte del expediente administrativo”.

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	111/113



1º.- A comparecencia desta entidade no recurso contencioso-administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sala do Contencioso Administrativo, pola unidade administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.


1º.- *Dación de conta da sentenza nº 16/2024.*

Dase conta da Sentenza nº16/2024, de 22 de marzo, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000290/2023, seguido a instancia de SL Urbaconsa Lugo fronte á Deputación Provincial de Lugo, e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Que debo desestimar y desestimo el recurso contencioso administrativo interpuesto por la representación procesal de SL Urbaconsa Lugo frente a la Diputación Provincial de Lugo, seguido como proceso abreviado número 290/2023 contra la resolución administrativa citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la declaro conforme al ordenamiento jurídico. Sin expresa imposición de costas.*” Tamén dase conta da firmeza da dita sentenza. A Xunta de Goberno queda enterada.

2º.- *Conta e cumprimento da sentenza nº 126/2024.*

Dase conta da Sentenza nº126/2024, de 14 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000230/2023-P seguido a instancia de D. Elías Gómez López fronte á Deputación e en cuxo fallo dí o seguinte: “*Debo estimar y estimo la demanda presentada por don Elías Gómez López frente a la Diputación Provincial de Lugo y declaro contraria a Derecho y anulo la diligencia de embargo de las finca catastral 27016A05300370000HG, a nombre de herederos de María Brígida Gómez López, para responder de las deudas tributarias de IBI de 2016 a 2017 y tasa de agua, basura y alcantarillado de 2018, por importe total de -6.671,22- euros de la finca catastral 0480526PH0108S0000AK, por ostentar la liquidación practicada el carácter de provisional en tanto no se cumpla con el trámite previsto en el artículo 77.7 LBHL. Las*

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	112/113





costas de la instancia se imponen a la demandada, si bien limitando el importe a pagar, por todos los conceptos, a -300- euros en atención a la cuantía del procedimiento. La presente resolución es firme.”

A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade dos asistentes dar cumprimento á citada Sentenza.

3ª.- Dación de conta da sentenza nº 127/2024.

Dase conta da Sentenza nº127/2024, de 14 de xuño, ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000229/2023, seguido a instancia de Occident GCO S.A.U. de Seguros y Reaseguros fronte a Deputación Provincial de Lugo, e en cuxo fallo dí o seguinte: *“Debo desestimar y desestimo la demanda presentada por Occident GCO SAU contra la Diputación provincial de Lugo, siendo codemandada Segurcaixa Adeslas, por ser la resolución recurrida conforme a Derecho. Cada parte asumirá las costas causadas a su instancia y las comunes por mitad. La presente resolución es firme.”* A Xunta de Goberno queda enterada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e vinte e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

	IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Fecha y Hora	11/07/2024 11:38:19
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7UUGQIJX6T5S4K45FXKVCAAM	Página	113/113

